

Luns, 18 de novembro de 2019

Núm. 221

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2020

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 15 de novembro do 2019, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que deberá rexer durante o exercicio económico de 2020 e no cal se integran os seguintes:

- Orzamento do Concello de Vigo
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal Urbanismo
- Anexos dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org> no portal de transparencia <https://transparencia.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención-Contabilidade deste Concello durante o período de **15 días hábiles**, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello de Vigo que rexerán para o ano 2020.

En Vigo, á data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente

Abel R. Caballero Álvarez

